

DOMINGO III DE PASCUA (B)

PRIMEIRA LECTURA Feit 3, 13-15. 17-19

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

Naqueles días, díxolle Pedro ó pobo:

O Deus de Abrahán, de Isaac e de Xacob, o Deus de nosos pais, glorificou ó seu servo Xesús, a quen vós entregastes e negastes diante de Pilato, cando este estaba decidido a deixalo en liberdade.

Pero vós rexeitáste-lo Santo e o Xusto; pedistes que indultasen a un asasino, mentres que matáste-lo dono da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos; disto nós somos testemuñas.

Xa sei, irmáns, que obrastes por ignorancia, como tamén as vosas autoridades; pero Deus cumpriu así o que anunciara por boca dos profetas: que o seu Cristo padecería. Arrepentídevos, logo, e convertédevos, para que se borren os vosos pecados.

SALMO RESPONSORIAL Sal 4, 2. 4. 7. 9

R/. (7a): **Fai brillar sobre nós, Señor, a luz do teu rostro.**

Ou: **Aleluia.**

Cando te invoco, respóndeme,
meu Deus, meu defensor;
na estreiteza ti déchesme fartura;
apiádate de min e escoita a miña oración.

Recoñecede que o Señor enalteceu o seu amigo,
que o Señor me responde cando o chamo.

Moitos din: "¿Quen nos amosará a felicidade,
se fuxiu de nós, Señor, a luz do teu rostro?"

Déitome en paz e logo adormezo,
porque só ti, Señor, me das seguridade.

SEGUNDA LECTURA 1 Xn 2, 1-5a

Lectura da primeira Carta do Apóstolo San Xoán

Meus filliños, escribovos estas cousas para que non pequedes; pero, se algún peca, temos quen nos defenda diante do Pai: Xesús Cristo, o xustificador. El é quen expía os nosos pecados; e non só os nosos, senón tamén os de todo o mundo.

Sabemos que o coñecemos de verdade polo feito de que cumprimos cos seus mandamentos. O que di: "Eu coñezoo" pero non cumpre cos seus mandamentos, é un mentireiro e non ten en si a verdade revelada.

Quen garda a súa Palabra, nel o amor de Deus chega de verdade ó máximo.

EVANXEO Lc 24, 35-48

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, os discípulos de Xesús que volveron de Emaús contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no parti-lo pan.

Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles: - ¡A paz sexa convosco!

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles: - ¿Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.

E dicindo isto, mostrólle-las mans e mailos pés. Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer. Xesús preguntoulles: - ¿Tedes por aí algo que comer?

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles. Logo díxolles: - A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e mais nos Salmos acerca de min.

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu: - Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a tódolos pobos, empezando por Xerusalén. Vós seredes testemuñas de todo isto.